

Xa chegamos aos corenta!

MARÍA TERESA CANCELO MÁRQUEZ
Decana da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais
Universidade de Santiago de Compostela

É para min unha honra e un pracer, como decana da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Santiago de Compostela, poder escribir estas liñas introdutorias ao volume 17, número 2 da *Revista Galega de Economía* no ano en que se conmemora o corenta aniversario da implantación dos novos estudos de Ciencias Económicas na daquela Facultade de Ciencias Políticas, Económicas e Comerciais (1967), estudos que se verían ampliados no ano 1974 ao implantarse tamén nesa mesma Facultade a especialidade da Sección de Ciencias Empresariais. Esta Facultade, despois de variar a súa denominación ao longo destes anos, acabaría por converterse na Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais que hoxe coñecemos.

Ao longo destes corenta anos vivíronse catro cambios dos plans de estudo, que tiveron lugar nos anos 1969, 1973, 1993 e 2002, e que proximamente se van converter en cinco, xa que estamos en pleno proceso de cambio para a adaptación dos nosos títulos ao novo escenario marcado polo Espazo Europeo de Educación Superior, que esperamos que sirva para mellorar as nosas ensinanzas e para proporcionarlle ao mercado de traballo profesionais cualificados que axuden a dinamizar a nosa economía. Os cambios que acometemos agora son, se cadra, os máis radicais, xa que supoñen unha reordenación dos títulos, ao pasar dos actuais licenciados aos futuros graduados, implicando tamén cambios nas ensinanzas do terceiro ciclo (que xa se empezaron a impartir nos novos másteres oficiais) e na medición do traballo do alumno, do sistema de ensinanza-aprendizaxe e da redución do número de alumnos por grupo.

Os nosos estudos e mais o seu profesorado tamén foron cambiando fisicamente de edificio ao longo deste período, xa que foron pasando sucesivamente pola antiga Facultade de Dereito, polos barracóns do Burgo das Nacións, pola Facultade de Farmacia e polo nobre edificio de Fonseca, ata chegar no ano 1976 ao seu emprazamento actual no Campus Norte; pero é que, ademais, o edificio que ocupa actualmente xa precisou dúas ampliacións motivadas pola escaseza de espazo que sempre padecemos, xa que o noso centro é o que conta con máis alumnos da Universidade. Nestes momentos estamos dispostos a asumir o novo reto que supón continuar adaptando as nosas estruturas ás novas metodoloxías de ensinanza-aprendizaxe, o que implica unha necesidade de máis aulas de menor tamaño para poder acoller os novos grupos que se formaron.

Durante estes anos dirixiron este centro doce decanos: os profesores Carlos Otero, Luis Suárez-Llanos, José Castillo, Bernardo Pena, Jaime García-Lombardero, Xosé Manuel Beiras, José Vilas, Luis Caramés, José Carlos de Miguel, Javier Rojo

e Jaime Barreiro, algún dos cales xa non está connosco. A todos eles quero recoñecerlles o seu labor de dirección –labor que xa de por si non é doada e que, ademais, no caso dos primeiros se viu complicada cos sucesos históricos que tiveron lugar naqueles anos e dos que todos temos oído falar–. Tamén quero deixar constancia do meu agradecemento a todos os profesores e a todo o persoal de administración e servizos que pasaron polo noso centro polo seu bo facer nas distintas funcións que desempeñaron e nas diferentes etapas polas que pasaron os nosos estudos.

O profesorado tamén foi aumentando ao longo destes anos, e conta na actualidade cuns 160 profesores. Isto permitiu que se fora reducindo o tamaño dos grupos (empezouse creando unha quenda de mañá e outra de tarde que, posteriormente, foron subdividíndose), que se aumentara o número de clases prácticas, que se empezaran a impartir clases nas sete aulas de informática con que conta actualmente esta Facultade e que se mellorara de xeito significativo en investigación, como se pode deducir da análise da produción científica dos nosos grupos de investigación, chegando mesmo a nacer esta revista científica, da que celebramos non hai moito o seu décimo quinto aniversario.

Non debo esquecer a obra artística con que conta a Facultade, conseguida grazas ao interese de todos os seus decanos por ir incorporando esculturas e pinturas de moi diversos autores e estilos tanto á contorna da Facultade como aos seus corredores e aulas. Esta colección de arte da que nos sentimos moi orgullosos iniciouse grazas ás xestións do daquela decano Luis Suárez-Llanos, ampliándose posteriormente grazas ao labor dos que lle sucederon no cargo, pero tamén dos profesores e, nalgún caso, dos alumnos. Así, contamos con cadros e gravados, con esculturas e tallas e con murais, entre outros, de Gustavo Balboa, João Cassamo, Conde Corbal, Alfonso Costa, Armando Guerra, Ánxel Huete, Irago Silva, X. Lodeiro, Xulio Maside, G. Monroy, X.R. Morquecho, Xoán Pardiñas, Antón Patiño, María Jesús Pérez Carballo, Xavier Pousa, Xaime Quessada, X.M. Quintana-Martelo, C. Quiñoá, X.M. Tomé, Vidal Abascal, Virxilio, Mila Vázquez Rozas, Acisclo Manzano, Virxilio, Bucíños, Xosé Cid, Elena Colmeiro, María Xosé Díaz, Xosé Díaz Fuentes, Mon Vasco, Xoán Piñeiro, Silverio Rivas ou Miguel Saco, entre outros. Unha mención especial merece a obra *Pasionaria*, de Camilo Otero, que está situada a escasos metros da principal porta de acceso á nosa Facultade, xa que esta escultura se converteu no símbolo do noso centro.

Tampouco quero deixar de mencionar que as tres aulas máis grandes deste centro están dedicadas a José Afonso (a aula A), a X.M. Tomé (a aula B) e a Conde Corbal (a aula C), e que imos dedicar unha cuarta aula a Andrés Santiago Suárez Suárez, mestre de moitos dos que agora son profesores nesta Facultade.

O balance é, sen dúbida, positivo, xa que se cumpriron os principais obxectivos fixados cando se iniciaron os nosos estudos: contribuír ao desenvolvemento económico e social de Galicia e proporcionarlles os mellores profesionais tanto ao sector público coma ao privado da economía galega.

Só queda desexar que no futuro os nosos profesores e os nosos alumnos sigan traballando na busca da mellora da nosa economía e da nosa sociedade.